




María V. Novoa
—

Quinto e Sexto Primaria
Día das letras galegas 2018



TEXTOS 5º E 6º DE PRIMARIA



M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA E TEXTOS

A escritora María Victoria Moreno Márquez, filla de Vicente, militar, e Sara, mestra, naceu na cidade cacereña de Valencia de Alcántara o 1 de maio de 1939.

Estudou o bacharelato en Barcelona e Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid cos profesores Rafael Lapesa e Dámaso Alonso.

Con 22 anos trasladouse a Galicia para dar clases de Lingua Española en institutos de Lugo, Sanxenxo e Pontevedra. Nesta cidade traballou nos IES «Valle Inclán» e «G. Torrente Ballester».

Foi unha gran defensora do galego, idioma no que escribiu a gran maioría da súa obra literaria.

A súa primeira publicación foi «Mar Adiante», en 1973. Dous anos despois, gañou o 1º Premio do Concurso de Contos Infantís O Facho coa obra «O cataventos».

A súa produción literaria en galego é enorme e a maioría adicada aos lectores máis novos: «Anagnórise», «Leonardo e os fontaneiros», «E haberá tirón de orellas?», «Guedellas de seda e liño», «Eu conto, ti cantas», «A brétema»...

O 22 de novembro de 2005, aos 66 anos, finou na cidade de Pontevedra.

Este ano a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras polos libros que escribiu e pola defensa do noso idioma.



M^a VICTORIA MORENO



ACTIVIDADES BIOGRAFÍA

1.- Cal é o nome completo de María Victoria?

2.- En que cidade cacereña naceu?

3.- Completa os títulos destas seis obras da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2018.

▶ L N R D S

F N T N R S

▶ B R T M

▶ G D L L S D

S D L Ñ

▶ C N T , T C N T S

▶ H B R T R N




D R L L S ?

▶ N G N R S

4.- Fai unha caricatura de MVM.



5.- Recorta e completa os datos do carné de estudante de M^a Victoria.

UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID			E. L E T R A S
	NOME:	<input type="text"/>	
	APELIDOS:	<input type="text"/>	
	DATA DE NACEMENTO:	<input type="text"/>	
	CARREIRA:	<input type="text"/>	
Nº MATRÍCULA 05204 DNI/PASAPORTE 32.509.456	CURSO:	<input type="text"/>	
		MADRID, 3 DE OUTUBRO DE 1960 O DECANO 	

1-MAIO-1939

MORENO MÁRQUEZ

FILOLOXÍA ROMÁNICA

MARÍA VICTORIA

3º



6.- María Victoria naceu na provincia de Cáceres. Estudou en Barcelona e despois en Madrid. Traballou en Lugo e o seu seguinte destino foi Pontevedra. Colorea no mapa as cinco provincias e calcula cantos quilómetros percorreu en total.

CÁCERES-BARCELONA:

920 QUILOMETROS

BARCELONA-MADRID:

624 QUILOMETROS

MADRID-LUGO:

568 QUILOMETROS

LUGO-PONTEVEDRA:

194 QUILOMETROS



7.- Que tal imos de números?


■ En que ano se trasladou M^a Victoria a Galicia? ■

■ Cantos anos tiña cando publicou «Mar adiante»? ■

■ Cantos anos tiña M^a Victoria cando gañou o 1^o Premio do Concurso Nacional de Contos «O Facho»? ■

■ E cantos anos tiña cando faleceu? ■

8.- M^a Victoria naceu un 1º de maio, Día Internacional da Clase Obreira. Saberías relacionar cada data coa súa conmemoración?



9.- Localiza no texto o nome das cidades ou concellos que se corresponden coas seguintes definicións.


Municipio situado na costa de Pontevedra:

Cidade máis antiga de Galicia coñecida na época romana como «Lucus Augusti»:

Concello da provincia de Cáceres:

Cidade galega ás beiras do río Lérez:

10.- Atopa na sopa de letras as palabras que se corresponden coas definicións.



REAL-ACADEMIA MARADIANTE FILOLOXÍA
CATAVENTOS CÁCERES VALLE INCLÁN MADRID

- Institución científica que ten como obxectivo o estudo da cultura galega, en especial da súa lingua.
- Primeira publicación de María Victoria Moreno.
- Estudos realizados por M^a Victoria na Universidade de Madrid.
- Aparello que indica a dirección do vento e dá título á novela de M^a Victoria polo que recibe un premio literario.
- Provincia española á que pertence o municipio de Valencia de Alcántara.
- Nome do dramaturgo e novelista galego que dá nome a un dos institutos nos que traballou M^a Victoria.
- Capital de España na que cursou os seus estudos universitarios M^a Victoria.

11.- María Victoria Moreno traballou en institutos de Lugo e Pontevedra. Canto sabes destas provincias? Escribe o nome delas, **Lugo** ou **Pontevedra**, segundo corresponda.

- Limita ao norte coa provincia da Coruña e ao sur con Portugal.

▶

- Limita ao norte co mar Cantábrico e ao leste con Asturias.

▶

- É a provincia máis pequena de Galicia.

▶

- Nesta provincia atópase a cidade de Galicia con maior poboación, que é Vigo.

▶

- Dous sistemas montañosos importantes desta provincia son a Serra dos Ancares e a Serra do Courel.

▶

- Nesta provincia atópase unha das praias máis fermosas do mundo, a das Catedrais.

▶

- A esta provincia pertencen as Illas Cíes, que foron declaradas Parque Natural en 1980.

▶

- Nesta provincia hai unha gran muralla romana.

▶

- Aquí nace o río Miño, o máis longo de Galicia.

▶

12.- Resume a biografía de MVM nunha banda deseñada de seis viñetas.

MARÍA VICTORIA MORENO LETRAS GALEGAS 2018	
MARÍA VICTORIA NACEU EN VALENCIA DE ALCÁNTARA, EN 1939.	ESTUDOU O BACHARELATO EN BARCELONA.
FIXO FILOLOXÍA ROMÁNICA NA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE.	EN 1965 COMEZOU A TRABALLAR NUN INSTITUTO DE LUGO.
PUBLICOU O SEU PRIMEIRO LIBRO EN GALEGO: «MAR ADIANTE».	DIRIXIU A COLECCIÓN ÁRBORE DA EDITORIAL GALAXIA.

13.- Un acróstico é unha composición poética que contén letras (ao inicio, no medio ou ao final dos seus versos) coas que se pode formar unha palabra ou unha frase. Poderías facer ti un co nome da escritora?

M

A

R

Í

A

14.- Escribe palabras formadas coas letras do nome da vila onde naceu MVM.

V A L E N C I A **DE** **A L C Á N T A R A**

				V	A	C	A				

TEXTOS 5° E 6° DE PRIMARIA



M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES TEXTOS

LEONARDO E OS FONTANEIROS

M^a VICTORIA MORENO

Don Xeranio mandounos pechar as fiestras, deixou para mellor ocasión o aparato dixestivo e tivo connosco unha conversa moi axitada. Nós explicámoslle todo, desde o comezo, coa confianza que merecía o seu comportamento, e el, co seu sorriso fanado, rosmaba:

-Sodes o demo, sodes o demo...

E nós entendiamos:

-Sóte-lo temo, sóte-lo temo...

Pero a ninguén lle entraba agora o riso.

Non sei quen propuxo sacar a corda e negalo todo, pero don Xeranio aconsellounos que a deixasemos estar:

-É unha trasnada sen maldade e sen consecuencias -dixo. Que gañades con mentir? Saídes aparentemente do embrullo, pero quedavos dentro a mala conciencia.

E todos pensamos que tiña razón o vello, que xa somos maiores e imos comprendendo máis do que parece, non vaias pensar.

-Ides deixar a escola de aquí a pouco -engadiu con certa morriña. Que non se diga que os vosos profesores vos aprenderon a ir pola vida mentindo.



María V. Moreno

LEONARDO E OS FONTANEIROS

ACTIVIDADES


1.- Escribe as preguntas para as seguintes respostas:

- _____ ?
-Don Xeranio.
- _____ ?
-Sóte-lo temo, sóte-lo temo.
- _____ ?
-Que o deixásemos estar.
- _____ ?
-Todos.

2.- Verdadeiro ou falso?

- Don Xeranio interrompe a súa explicación.
- Os nenos negaron todo.
- Os protagonistas conversan tranquilamente.
- O profesor vai deixar a escola.
- A trasnada fíxose sen maldade.
- Os nenos rían cando don Xeranio rosmaba.
- Os nenos ían deixar a escola de aquí a pouco.

3.- Resolve este encrucillado usando palabras do texto.



HORIZONTAIS

- 1.- Diaño.
- 2.- Parola. Acción ou efecto de conversar.
- 3.- Acción de sorrir.
- 4.- Acción ou efecto de embrollar. Confusión.
- 5.- Úsase para dar luz e abre e pecha.
- 6.- Obter un beneficio.
- 7.- Protestar.

1.- DEMO 2.- CONVERSA 3.- SORRISO 4.- EMBRULLO
 5.- FIESTRA 6.- GANAR 7.- ROSMAR

4.- PROBLEMA. Nun xogo da aula participará $\frac{1}{8}$ da clase. En total hai 24 alumnos e alumnas. Cantos rapazas e rapaces participan no xogo?

5.- No texto aparece a expresión «Sodes o demo», é dicir, «Sodes travesos»; podes completar estas oracións utilizando as seguintes expresións coa palabra «demo»?

Arre demo coma un demo cousa do demo cabalos do demo

- Isto non ten explicación, é _____ .
- No verán os regatos están cheos de _____ .
- _____! Que frío vai!
- Esta mesa pesa _____.

6.- Anos máis tarde un dos nenos escribe un correo electrónico a don Xeranio lembrando os feitos.

De: _____

Para: _____

Asunto: _____

7.- Ordena as letras para formar sinónimos da palabra «trasnada».

					R	D	B	R	I	A	U	A	
A	A	U	A	A	F	L	T	R	D	C			
					A	T	V	E	S	A	R	U	R
					T	G	A	A	R	S	D	A	

DIABRURA FALCATRUADA TRAVESURA TRASGADA

8.- Non é o mesmo unha frase feita que un refrán. Une as seguintes frases para formar refráns.

Non por moito madrugar
A avaricia
O que mal empeza
Can ladrador
A palabras necias
Á cama non irás

mal acaba.
sen saber unha cousa máis.
amence máis cedo.
rompe o saco.
ouvidos xordos.
pouco mordedor.

9.- Don Xeranio dille aos rapaces que son o demo. Está usando unha frase feita. Explica o significado das seguintes frases feitas.

● **Ter algo na punta da lingua.**



● **Tomar o pelo.**



● **Custar un ollo da cara.**



● **Botar unha man.**



● **Non ter pelos na lingua.**



● **Quedar coa boca aberta.**



● **Pasar a noite en branco.**



● **Estar a dúas velas.**



O certo é que alí tes a don Pío encumeado e aterecido. Rolando contra gusto. Facendo de cataventos.

E xa ninguén para mentes nel. Soamente don Xosé, o señor abade, sabe o que lle pasa. Sábeo porque ten o costume de rezar no adro e xa está afeito a que lle caian as súas bágoas. Na cabeza, na sotana, nas mans... mesmo no libriño mouro das súas oracións.

Don Xosé, que é moi bo, bótalle unha miradiña amiga:

-¿Tes frío?

Pero o cataventos é de ferro.

-¿Tes sede?


Pero o cataventos non ten gorxa.

-¿Estás só?

Pero o cataventos non ten corazón.

Entón o señor abade, a modiño, vai sacando as bágoas da cabeza, da sotana, das mans e máis do libro e vai poñéndoas nas follas das roseiras para que as beban os paxariños cando sequen as fontes.

Só o señor abade sabe o que lle pasa ó cataventos e por iso só el desexa que baixe algún día. E sabe que baixará, se cadra acochado nunha bandada de paxariños.



Victoria Moreno

O CATAVENTOS

ACTIVIDADES

M^a VICTORIA MORENO

1.- Que facía o abade coas bágoas de don Pío?

2.- Por que cres que choraría o cataventos?

3.- En que partes lle caían as bágoas ao señor abade?

4.- Como cre o señor abade que baixará algún día o cataventos?

5.- Redacta preguntas para as seguintes respostas comezando por: **como, onde, por que.**



-Don Pío



-Don Xosé




-Na cabeza, na sotana, nas mans e no libro de oracións.



-Nas follas das roseiras.



6.- Todas as estacións meteorolóxicas dixitais teñen un cataventos ademais doutros instrumentos que serven para medir a temperatura, a pluviosidade, a presión atmosférica... Coloca cada nome no lugar que lle corresponda na estación meteorolóxica.




7.- Une e pinta da mesma cor cada aparello da estación meteorolóxica coa súa función.

Match the instrument names with their functions:

- CONSOLA** (Instrument name) connects to **Amosa os datos da estación meteorolóxica.** (Function)
- Indícanos a dirección do vento.** (Function) connects to **CATAVENTOS** (Instrument name)
- Mide a velocidade dunha corrente de aire.** (Function) connects to **ANEMÓMETRO** (Instrument name)
- SENSOR HUMIDADE E TEMPERATURA** (Instrument name) connects to **Mide a humidade do aire e a temperatura ambiente.** (Function)
- Rexistra a cantidade de precipitacións.** (Function) connects to **PLUVIÓMETRO** (Instrument name)

8.- Resolve este encrucillado referido a aparellos dunha estación meteorolóxica.




1.- PLUVIÓMETRO 2.- SENSOR 3.- ANEMÓMETRO
4.- CATAVENTOS 5.- CONSOLA

HORIZONTALAIS _____

- 1.- Aparello que indica a cantidade de precipitacións.
- 2.- Indica a temperatura e a humidade do aire.
- 3.- Mide a velocidade do vento.
- 4.- Infórmanos de cal é a dirección do vento.
- 5.- Pantalla na que vemos as diferentes medicións da estación.

9.- Un cataventos serve para saber en que sentido vai o vento. Saberías colocar nesta rosa dos ventos os diferentes puntos cardinais?



10.- PROBLEMA. O libro do señor abade mercouno nunha librería. Custaba 12 euros e fixéronlle unha rebaixa do 12%. Canto pagou finalmente polo libro?

11.- Localiza nesta sopa de letras o nome de razas de galos e de galiñas.

I	V	P	E	L	S	P	N	O
A	R	A	U	C	A	N	O	X
M	A	P	U	C	H	E	N	B
A	D	O	R	A	D	O	C	M
T	T	R	C	U	B	A	N	O
O	U	F	I	H	T	I	Ñ	A
L	U	X	N	N	G	L	E	S
D	T	F	G	N	G	L	E	S
C	O	L	L	O	N	C	O	S
H	U	V	E	N	L	N	H	S
D	U	F	S	N	G	L	E	S

MOS
 MAPUCHE
 IAMATO
 FORADO
 INGLÉS
 COLLONCO
 ARAUCANO
 CUBANO

GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO

O AMOR VERDADEIRO

M^a VICTORIA MORENO

Había daquela en Porto Santo un famoso pintor de brocha gorda a quen acumaban Bacoriño, aínda que o seu verdadeiro nome era Ireneo Leal. O que se di pintar non é que o fixese moi alá, pero non sabendo facer outra cousa e non querendo aprender ningunha, seu pai, un honrado traballador portuario, meteuno no choio da pintura por medio dun amigo. Era o tal Bacoriño baixote e curto de pernas, ancho de pescozo e eslombado, face rosada, papo graxento, voz amullerada, mirar torvo, acenos violentos e palabra torpe. Polo demais era un cidadán exemplar que nunca estivera metido en cousa mala, nin bebedelas, nin liortas, nin mulleres... Respectaba os días santos afastándose de brochas e caldeiros, lucindo camisas rechamantes e comendo marisco ben regado con coca-cola.

Como por culpa da súa peculiar habelencia o traballo non lle sobraba, sempre estaba en condicións de atender esas pequenas chapuzas que poden considerarse urxentes.



María V. Moreno

GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO

O AMOR VERDADEIRO

M^a VICTORIA MORENO

ACTIVIDADES

1.- A que se adicaba Ireneo Leal?



2.- Cal era o seu alcume?



3.- Onde vive o pintor?



4.- Como eran as súas camisas?



5.- Con que bebida tomaba o marisco?




6.- «Era o tal Bacoriño baixote e curto de pernas, ancho de pescozo e eslombado...», así describe María Victoria Moreno a Ireneo Leal. Poderías facer, seguindo a descrición do texto, unha caricatura de Ireneo?

7.- Ireneo sempre estaba en condicións de atender pequenas chapuzas urxentes. Arrodea nesta relación os traballos que podería levar a cabo Ireneo.

PILOTAR UN AVIÓN	OPERACIÓN DE CORAZÓN
CONSTRUÍR UN BARCO	ARRANXAR UNHA MESA
PINTAR UNHA PAREDE	ARRANXAR UN ORDENADOR
COLGAR UN CADRO	CAMBIAR UNHA LÁMPADA
CANTAR NUN CORO	DAR UNHA CONFERENCIA

8.- Ireneo Leal tiña o alcume de Bacoriño, é dicir, porco pequeno que aínda mama. Arrodea as cinco palabras que son sinónimas de «porco». Esríbeas.



_____	_____
_____	_____

9.- Completa as seguintes oracións:

A trama acontece en _____ .

Ireneo tiña o alcume de _____ .

Fíxose pintor de brocha gorda por medio dun amigo do seu _____ .

O pai de Bacoriño traballaba no _____ .

Bacoriño era un cidadán modelo que nunca tomou parte en

_____ .

10.- Imos reescribir a descrición de Bacoriño utilizando as palabras do recadro.

pavoroso papada derreado afeminada xestos rosácea

Era o tal Bacoriño baixote e curto de pernas, ancho de pescozo e _____, face _____, _____ graxenta, voz _____, mirar _____, _____ violentos e palabra torpe.

11.- Atopa no texto as palabras que se corresponden coas seguintes definicións:

- Consumo excesivo de bebidas alcohólicas: _____
- Enfrontamento entre dúas ou máis persoas no que hai berros, discusións, golpes: _____
- Capacidade para facer ben aquilo que require certas dotes: _____
- Calquera traballo, asunto ou negocio: _____


12.- PROBLEMA. Bacoriño mercou 5 botes de pintura. Cada bote costou 3,50 euros. Tamén mercou 5 brochas e cada brocha costou 0,70 euros. Se lle fixeron un desconto do 10%, cantos euros pagou?

13.- Localiza nesta sopa de letras as profesións e traballos que figuran no recadro da dereita.

O	L	E	I	R	A	I	R	A	I	E
Z	V	N	V	X	H	L	M	Ñ	C	C
M	E	D	I	C	A	C	G	Z	A	O
N	T	E	X	B	A	U	F	C	N	N
X	E	P	G	L	L	M	Ñ	B	T	D
G	R	A	V	H	B	E	X	C	E	U
N	I	R	M	E	A	S	A	L	I	T
D	N	A	G	A	N	D	E	I	R	O
M	A	R	I	Ñ	E	I	R	O	O	R
X	R	L	M	G	L	L	D	F	S	A
P	I	N	T	O	R	Ñ	O	L	H	F
F	A	S	D	Z	B	Q	S	D	Z	A

PINTOR
 MARIÑEIRO
 GANDEIRO
 VETERINARIA
 MÉDICA
 ALBANEL
 CONDUCTORA
 CANTEIRO
 OLEIRA

14.- Escolle os adxectivos que definen mellor a Bacoriño.



15.- Describe Porto Santo. Como o imaxinas?

16.- Verdadeiro ou falso?

- Bacoriño estaba feliz co seu traballo.
- Pintaba moi ben.
- Sempre estaba metido en liortas.
- Ireneo é o nome do pintor.
- O pai de Ireneo é tamén pintor.
- Bacoriño non respectaba os días santos.